

PRAZO DE INSCRICIÓN

**DO 03 DE AGOSTO Ó 21
DE SETEMBRO DE 2026**

ACTIVIDADES 2026-2027



**begonte
concello**

DE OUTUBRO DE 2026 A MAIO DE 2027

MÁIS INFORMACIÓN

www.concellodebegonte.es ou no teléfono 982 39 61 43

CONDICIÓN XERAIS

PRAZO DE INSCRICIÓN DAS ACTIVIDADES 2026/2027

PRAZO: DO 03 de AGOSTO AO 21 DE SETEMBRO DE 2026 (A modalidade de presentación electrónica estará dispoñible a partir do 03 de agosto de 2026) ➡ Listado de admitidos/as: **30 DE SETEMBRO de 2026.**

NOTA ➡ As persoas inscritas poderán consultar a admisión nas actividades nas dependencias do Concello a partir do día 30 de setembro

**De quedar prazas vacantes, a matrícula permanecerá aberta.*

MATRÍCULA

O modelo de solicitude estará dispoñible nas oficinas do Concello e na páxina web en www.concellodebegonte.es. A modalidade de presentación electrónica estará dispoñible a partir do 03 de agosto de 2026.

Para formalizar a matrícula será necesario:

- Entregar no rexistro das dependencias do Concello ou enviar pola sede electrónica a solicitude correctamente cuberta e asinada.
- Anexar a certificación da conta bancaria co código IBAN da persoa inscrita ou do pai, nai ou tutor/a no caso de ser menores de idade.
- Certificado de padrón (no caso de persoas empadroadas no Concello de Begonte).

NOTA:

- As inscricións dos/as menores de idade deberán ser cumprimentadas e asinadas polo pai, nai ou tutor/a do/a menor.
- Baixo ningún concepto se poderá acudir ás actividades sen estar previamente inscrito/a e figurar nas listaxes remitidas aos monitores/as de cada actividade.
- Será requisito indispensable que no momento de formalizar a matrícula a unidade familiar estea ao corrente do pago en calquera das actividades organizadas polo Concello de Begonte, de non ser así, esta quedará sen efecto.

DURACIÓN DAS ACTIVIDADES

DO 1 DE OUTUBRO DE 2026 AO 31 DE MAIO DE 2027

- Con carácter xeral, as actividades comezarán o 1 de outubro de 2026 e finalizarán o 31 de maio de 2027, excepto as actividades infantís que estarán suxeitas aos períodos vacacionais establecidos no calendario escolar.
- As datas e horarios están suxeitos a posibles modificacións por cuestións organizativas ou doutras actividades municipais.
- Consultar calendarios en:

Anexo 1.-Calendario actividades adultos/as 2026/2027

Anexo 2- Calendario actividades nenos/as 2026/2027

PRAZAS

- No caso de que o número de inscritos/as supere o número máximo de prazas ofertadas, quen non obteña praza pasará a formar parte da listaxe de reserva da/s actividade/s que corresponda/n. De quedar algunha vacante ao longo do ano, estes/as incorporaranse ao curso seguindo a orde da listaxe e aboarán a parte proporcional que corresponda.
- As prazas mínimas para cada actividade variarán en función do espazo onde se desenvolva, do tipo e modalidade de cada actividade e do número de monitores que a imparta.
- Non se levarán a cabo as actividades que non reúnan o mínimo de inscritos/as establecido. Este número mínimo de prazas deberase manter ao longo de todo o curso, en caso contrario, a actividade poderá ser suspendida.
- O Concello de Begonte resérvase o dereito a suprimir/modificar as actividades e horarios, se non se acada un número mínimo de solicitudes por actividade e grupo.
- Así mesmo, o Concello resérvase o dereito de unificar grupos similares no caso de asistencia insuficiente, permanecendo aquel que rexistre un número maior de solicitantes.

COTAS

O prezo das actividades para adultos/as que se inclúen neste programa teñen unha diferenciación de prezos entre persoas empadroadas e non empadroadas no Concello de Begonte. Non obstante, os prezos son únicos para empadroados/as e non empadroados/as neste Concello no caso das actividades para nenos/as.

Ademais, nas actividades infantís cando dous ou máis irmáns se inscriban e asistan á mesma actividade aplicarase unha redución do:

- 15 % para o/a 2º fillo/a inscrito/a
- 25 % para o/a 3º fillo/a inscrito/a
- 50 % para o/a 4º fillo/a inscrito/a

A persoa solicitante que tramite a inscrición fóra de prazo e teña praza vacante na actividade inscrita, deberá aboar:

- no caso de actividades de pago cuadrimestral, o pago do cuadrimestre completo.
- no caso de pago mensual, o mes completo.
- no caso de pago único, o total da actividade.

Consultar cotas e descontos na *Guía de actividades* (páxina 4)

SISTEMA DE PAGO DAS ACTIVIDADES

- As actividades aboaranse por domiciliación bancaria. A persoa inscrita (alumno/a ou pai, nai ou titor/a no caso de menores) deberá autorizar e asinar a orde de domiciliación bancaria que figura na inscrición e aportar o certificado da súa conta bancaria, para que o acredor (Concello de Begonte) poida enviar á entidade bancaria instrucións de cobro do importe das actividades nas que o/a debedor/a está inscrito/a.
- No caso das actividades de cobro cuadrimestral, o primeiro cargo das actividades efectuarase no mes de outubro de 2026 e o segundo en febreiro de 2027. Os cargos mensuais realizaranse do 1 ao 15 de cada mes.
- No caso de realizar unha solicitude fóra de prazos de inscrición establecidos, naquelas actividades nas que queden prazas vacantes, o primeiro pago farase por autoliquidación sendo incorporada aos seguintes padróns nos pagos sucesivos, de ser o caso.

DEVOLUCIÓN DE RECIBOS

- Se o banco non pode realizar o adeudo na conta do/a cliente e devolve o recibo como impagado ao emisor (Concello de Begonte), o/a debedor/a (persoa inscrita ou pai, nai ou titor/a do/a alumno/a menor de idade) deberá recoller o recibo nas

dependencias do Concello e aboar directamente o importe do mesmo na entidade bancaria do Concello no prazo de 15 días naturais.

- O custo da comisión bancaria ocasionada pola devolución de calquera dos recibos será aboado polo/a usuario/a.
- No caso de que o/a debedor/a non efectúe o pago dun recibo pendente no prazo dun mes dende a devolución, o Concello procederá a dar de baixa ao alumno/a da actividade e perderá a súa praza como inscrito/a.
- A quen acumule dous recibos devoltos non se lle permitirá continuar ca actividade.
- Os/As alumnos/as que teñan algún recibo pendente de pago non poderán inscribirse en sucesivas ofertas de actividades organizadas por esta entidade, ata que se aboen todos os recibos pendentes.
- No suposto de que, por causas non imputables ao interesado/a, a actividade non se preste ou cese, procederase á devolución do prezo público total ou da parte proporcional da taxa correspondente ao período non desfrutado, segundo proceda.

PRAZO PARA DARSE DE BAIXA

Do **01 ao 09 outubro** de 2026

Do **01 ao 08 de febreiro** de 2027 (as actividades iniciadas en febreiro)

- A solicitude de baixa en calquera actividade só surtirá efecto se é presentada por escrito ante o Rexistro Xeral do Concello de Begonte.
- O importe das taxas das actividades non será devolto no caso de causar baixa fóra do prazo establecido.
- Nos supostos de baixa do servizo unha vez iniciada a actividade, poderase efectuar unha devolución parcial da taxa sempre e cando exista unha causa xustificada que acredite a imposibilidade de continuar coa mesma, coa correspondente presentación de documentación acreditativa que o/a interesado/a deberá aportar para a súa valoración.
- No caso das actividades de cobro mensual, a presentación da baixa deberá presentarse durante os primeiros 15 días do mes anterior a causar baixa e surtirá efectos a partir do día primeiro do mes natural seguinte ao da súa presentación.
- No caso das actividades de cobro cuadrimestral, a inscrición entenderase prorrogada, salvo formalización de baixa.

OUTROS DATOS

- Quen participe en calquera das actividades da programación 2026/2027 responsabilízase de seleccionar aquelas que sexan acordes coas súas capacidades psicofísicas. En caso contrario e de producirse calquera tipo de dano, será baixo a súa exclusiva responsabilidade.
- Todas as persoas inscritas en calquera actividade do Programa de Actividades socioculturais e deportivas 2026/2027 deste Concello estarán cubertos por un seguro de accidentes contratado polo Concello de Begonte. No caso de accidente no desenvolvemento dalgunha das actividades, o/a /a monitor/a informará do incidente ao Concello para cubrir o parte pertinente e remitirá o/a alumno/a ao Hospital Ribera Polusa, indicando que son asegurados da Mutua General de Seguros do Concello de Begonte. Só se considerará que existe accidente cando o incidente aconteza no horario estipulado e nas instalacións destinadas polo Concello para a realización da actividade en cuestión e se avise no momento en que teña lugar a lesión.
- Os/As menores de idade que asistan ás actividades nos locais municipais estarán baixo a responsabilidade exclusiva dos seus pais, nais ou titores/as, encargados de transmitirles as normas de convivencia antes e unha vez rematada a actividade en cuestión; do mesmo xeito, serán responsables de achegalos/as e recollelos/as á hora.
- A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime convenientes para o mellor funcionamento dos cursos.

GUÍA DE ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

MULTIDEPORTE

DESCRICIÓN	Fomento do desenvolvemento físico, as habilidades motrices e o traballo en equipo a través da práctica de diferentes disciplinas deportivas (baloncesto, bádminton, voleibol...).
DESTINATARI@S	Educación infantil e primaria
PAZAS	Mínimo 8 prazas / máximo 14 prazas
HORARIO	LUNS de 15:15 h a 16:00 h
LUGAR	Ximnasio CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño (Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	75 €/CURSO (Pago único en outubro)

2º fillo/a

63,75€/CURSO

3º fillo/a

56,25€/CURSO

4º fillo/a

37,5€/CURSO

PATINAXE/HÓCKEY SOBRE PATÍNS

DESCRICIÓN	Actividade deportiva que combina técnica, velocidade e traballo en equipo. Durante as sesións, as persoas participantes desenvolverán habilidades de patinaxe, control da bóla, pases, tiros e estratexias de xogo, fomentando a coordinación, o equilibrio, a cooperación e o respecto polas normas.
DESTINATARI@S	Educación infantil e primaria
PAZAS	Mínimo 8 prazas / máximo 15
HORARIO	LUNS de 16:00 h a 17:00 h
LUGAR	Pavillón municipal de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	75€/CURSO (Pago único en outubro)

2º fillo/a

63,75€/CURSO

3º fillo/a

56,25€/CURSO

4º fillo/a

37,5€/CURSO

NOTA → Cada alumno/a deberá levar os seus propios patíns e proteccións identificados.

COSTURA

DESCRICIÓN

Aprendizaxe de técnicas básicas da costura a man, dende como enhebrar unha agulla ata facer diferentes tipos de puntos. Desenvolverán a súa motricidade fina e a paciencia mentres traballan en proxectos orixinais e funcionais.

Esta actividade fomenta a imaxinación e a expresión persoal. Ademais, foméntanse valores de sostibilidade coa reciclaxe e reutilización de tecidos.

DESTINATARI@S

Nenos/as de 7 a 12 anos

PRAZAS

Mínimo 8 prazas / máximo 15 prazas

HORARIO

MÉRCORES de 16:30h a 17:30 h

LUGAR

Aula Multifunción II (zona centro médico de Begonte)

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/mes (8 pagos de 30 € mensuais)

2º fillo/a

25.5€/MES

3º fillo/a

22.5€/MES

4º fillo/a

15€/MES

NOTA



Non se require experiencia previa.

COCIÑA E HÁBITOS SAUDABLES

DESCRICIÓN

Aprendizaxe para a realización de menús, receitas saudables e outras técnicas para unha alimentación saudable.

DESTINATARI@S

Educación infantil e primaria

PRAZAS

Mínimo 8 prazas / máximo 15 prazas

HORARIO

LUNS de 17:15 h a 18:15 h

LUGAR

Aula multifunción II (zona centro médico de Begonte)

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais)

2º fillo/a

25.5€/MES

3º fillo/a

22.5€/MES

4º fillo/a

15€/MES

XIMNASIA RÍTMICA

DESCRICIÓN	Disciplina que combina movemento, expresión corporal e música. As persoas participantes mellorarán a flexibilidade, a coordinación, o equilibrio e a postura mediante exercicios e coreografías con diferentes aparellos, promovendo a creatividade, a disciplina e o traballo en equipo.
DESTINATARI@S	De 3 a 18 anos
PRAZAS	Mínimo 8 prazas / máximo 20 prazas
HORARIO	ESCOLA BEGONTE: XOVES de 16:00 h a 17:00 h * No caso da modalidade de competición, unha vez finalizado o prazo de inscrición as monitoras informarán aos/ás participantes dos horarios de cada categoría.
LUGAR	Pavillón municipal de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/CURSO (Pago único en outubro)

2º fillo/a	25.5€/MES	3º fillo/a	22.5€/MES	4º fillo/a	15€/MES
------------	------------------	------------	------------------	------------	----------------

BAILE MODERNO/ZUMBA

DESCRICIÓN	Exercicio de capacidades físicas como a flexibilidade, axilidade, etc. a través da música, co que tamén se desenvolven outras habilidades coma o ritmo, o movemento, etc. Coreografías sinxelas e divertidas que farán que o exercicio sexa pura diversión.
DESTINATARI@S	Educación infantil e primaria
PRAZAS	Mínimo 8 prazas / máximo 20
HORARIO	MARTES de 15:15 h a 16:00 h
LUGAR	Ximnasio CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño (Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	75 €/CURSO (Pago único en outubro)

2º fillo/a	63.75€/CURSO	3º fillo/a	56.25€/CURSO	4º fillo/a	37.5€/CURSO
------------	---------------------	------------	---------------------	------------	--------------------

MANUALIDADES E RECICLAXE CREATIVA

DESCRIPCIÓN	Actividades que transforman materiais como plástico, cartón, papel, tea, madeira ou metais en obxectos novos e útiles, como xoguets, decoración ou accesorios, promovendo a creatividade, o desenvolvemento de habilidades e a sustentabilidade.
DESTINATAR@S	Educación infantil e primaria
PRAZAS	Mínimo 8 prazas / máximo 15 prazas
HORARIO	Xoves de 18:30 h a 19:30 h
LUGAR	Aula multifunción II (zona centro médico de Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais)

2º fillo/a	25.5€/MES	3º fillo/a	22.5€/MES	4º fillo/a	15€/MES
------------	-----------	------------	-----------	------------	---------

CALCETA/AMIGURUMIS

DESCRIPCIÓN	Táctica artesanal que utiliza técnicas de gancho para crear pequenas figuras, coñecidas como amigurumis. Esta técnica permite desenvolver a creatividade e a paciencia dando resultado a obxectos únicos decorativos ou amuletos con significados especiais.
DESTINATARI@S	Educación infantil e primaria
PRAZAS	Mínimo 8 prazas / máximo 15 prazas
HORARIO	VENRES de 16:00 h a 17:00 h
LUGAR	Aula multifunción II (zona centro médico de Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais)

2º fillo/a	25.5€/MES	3º fillo/a	22.5€/MES	4º fillo/a	15€/MES
------------	-----------	------------	-----------	------------	---------

NATACIÓN

DESCRICIÓN

Actividade física completa que contribúe ao desenvolvemento das capacidades motrices e á mellora da condición física. As sesións adaptanse ao nivel de cada participante, favorecendo a aprendizaxe e o perfeccionamento das diferentes técnicas de nado, así como a autonomía, a confianza e os hábitos de vida saudables.

DESTINATARI@S

Educación infantil e primaria

PRAZAS

Prazas limitadas

HORARIO

MARTES de 17:15 h

LUGAR

Centro Deportivo D10

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais)

2º fillo/a

29.75€/MES

3º fillo/a

26.25€/MES

4º fillo/a

17.5€/MES

NOTA



Os/As participantes deberán levar traxe de baño, gorro, toalla e chancletas.

Os/As nenos/as ata 6 anos (inclusive) deberán ir acompañados/as por unha persoa adulta.

Os horarios de saída do autobús comunicaránse ás persoas interesadas unha vez inscritas.

CONTACONTOS E ESTIMULACIÓN Á LECTURA

DESCRICIÓN

Actividade deseñada para espertar nos nenos/as o amor pola lectura. A través de contos, xogos e dinámicas creativas, estímase a súa imaxinación, mellórase o seu vocabulario e refórzase a súa relación cos libros.

DESTINATARI@S

Nenos/as de 7 a 12 anos

PRAZAS

Mínimo 8 prazas / máximo 20

HORARIO

MÉRCORES de 15:15 h a 16:00 h

LUGAR

CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño (Begonte)

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais)

2º fillo/a

25.5€/MES

3º fillo/a

22.5€/MES

4º fillo/a

15€/MES

FÚTBOL SALA

DESCRICIÓN

Deporte colectivo que potencia a coordinación, a velocidade, a toma de decisións e o traballo en equipo. O alumnado aprende e perfecciona os fundamentos técnicos e tácticos do xogo nun ambiente de respecto, cooperación e deportividade.

DESTINATARI@S

De 3 a 18 anos

PAZAS

90 prazas

HORARIOS

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PREBENXAMÍN 16.30 - 17.30H	BIBERÓN 17.00 - 18.00H	PREBENXAMÍN 16.30 - 17.30H	INFANTIL 16.30 - 17.45H	CADETE + XUVE 16.30 - 18.00H
BENXAMÍN 17.30 - 18.30H	ALEVÍN 18.00 - 19.00H	BENXAMÍN 17.30 - 18.30H	ESCOLA DE PORTEIROS BENXA + ALE + INF 17.45 - 18.30H	MASCULINO 21.00 - 22.30H
CADETE + XUVE 18.30 - 20.00H	INFANTIL 19.00 - 20.30H	CADETE + XUVE 18.30 - 20.00H	ALEVÍN 18.30 - 19.45H	
FILIAL + MASCU 20.00 - 21.30H		FILIAL 20.00 - 21.30H	ESCOLA DE PORTEIROS CAD + XUVE + MASCU 19.45 - 20.30H	
		MASCULINO 21.30 - 23.00H	FILIAL 20.30 - 22.00H	

LUGAR

Pavillón Municipal de Baamonde

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais)

* Categoría biberón **15€/MES** (8 pagos de 15 € mensuais)

2º fillo/a	25.5€/MES	3º fillo/a	22.5€/MES	4º fillo/a	15€/MES
------------	------------------	------------	------------------	------------	----------------

ROBÓTICA

DESCRICIÓN

Actividade na que se traballarán contidos como a programación de bloques, construción de robots, pensamento lóxico e resolución de problemas, orientación espacial, etc.

DESTINATARI@S

Nenos/as de 6 a 12 anos

PAZAS

Mínimo 8 prazas / máximo 15 prazas

HORARIO

VENRES de 17:00 h a 18:00 h

LUGAR

Telecentro de Begonte (Antiga Cámara Agraria)

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais)

2º fillo/a	25.5€/MES	3º fillo/a	22.5€/MES	4º fillo/a	15€/MES
------------	------------------	------------	------------------	------------	----------------

DEBUXO

DESCRICIÓN	Forma de expresión gráfica e creativa que lles permite interactuar co mundo que os rodea, desenvolver habilidades motoras finas, cognitivas e emocionais, e fomentar a súa imaxinación.
DESTINATARI@S	Educación infantil e primaria
PRAZAS	Mínimo 8 prazas / máximo 15 prazas
HORARIO	VENRES de 18:30h h a 19:30 h
LUGAR	Aula multifunción II (zona centro médico de Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais)

2º fillo/a	25.5€/MES	3º fillo/a	22.5€/MES	4º fillo/a	15€/MES
------------	-----------	------------	-----------	------------	---------

PÁDEL INFANTIL

DESCRICIÓN	Actividade deportiva dinámica que favorece o desenvolvemento da coordinación, a axilidade e a precisión. Durante as sesións trabállanse os golpes básicos, a colocación na pista e a estratexia de xogo, promovendo a colaboración, o respecto e a práctica deportiva saudable.
DESTINATARI@S	Educación infantil e primaria
PRAZAS	Mínimo 2 prazas / máximo 4 prazas
HORARIO	MÉRCORES de 17:00 h a 18:00 h (INICIACIÓN - 4 PRAZAS) 18:00 h a 19:00 h (INTERMEDIO - 4 PRAZAS) 19:00 h a 20:00 h (AVANZADO - 4 PRAZAS)
LUGAR	Pista de pádel de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais)

NOTA → Cada participante deberá levar a súa pola.

2º fillo/a	25.5€/MES	3º fillo/a	22.5€/MES	4º fillo/a	15€/MES
------------	-----------	------------	-----------	------------	---------

INGLÉS

DESCRICIÓN

Orientada ao desenvolvemento das competencias comunicativas mediante unha metodoloxía práctica e participativa. O alumnado reforza a comprensión e a expresión oral e escrita a través de xogos, dinámicas e actividades adaptadas á súa idade e nivel, favorecendo unha aprendizaxe natural e motivadora.

DESTINATARI@S

Educación infantil e primaria

PAZAS

Mínimo 8 prazas / máximo 15 prazas

HORARIO

XOVES de 17:15 h a 18:15 h

LUGAR

Aula Multifunción II (zona centro médico de Begonte)

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais)

2º fillo/a

25.5€/MES

3º fillo/a

22.5€/MES

4º fillo/a

15€/MES

BALLET

DESCRICIÓN

Disciplina artística que combina técnica, expresión corporal e música. As clases contribúen ao desenvolvemento da coordinación, a flexibilidade, o equilibrio e a postura, ao tempo que fomentan a creatividade, a sensibilidade artística, a constancia e a confianza persoal.

DESTINATARI@S

Educación infantil e primaria

PAZAS

Mínimo 8 prazas / máximo 15 prazas

HORARIO

XOVES de 15:15 h a 16:00 h

LUGAR

CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño (Begonte)

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais)

2º fillo/a

25.5€/MES

3º fillo/a

22.5€/MES

4º fillo/a

15€/MES

ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA RÁBADE – BEGONTE – OUTEIRO DE REI E FRIOL

DESTINATARI@S

Nenos/as e adultos/as

HORARIOS E INSCRICIÓN

Consultar en www.musicocrisanto.com

MÁIS INFORMACIÓN

678 80 02 45

LUGAR

Escola de música de Baamonde



GUÍA DE ACTIVIDADES PARA MOZOS/AS E ADULTOS

CESTERÍA

DESCRICIÓN	Actividade artesanal que permite aprender e perfeccionar técnicas tradicionais de elaboración de pezas con fibras vexetais e outros materiais. Favorece a creatividade, a destreza manual, a paciencia e a conservación do patrimonio cultural.
DESTINATARI@S	Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas
PRAZAS	Mínimo e máximo 10 persoas inscritas por grupo.
HORARIO	GRUPO I – SÁBADO DE 10.00 – 12.00h GRUPO II– SÁBADO DE 12.00 – 14.00h
LUGAR	Aula multifunción I (zona centro médico de Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2026 a xaneiro de 2027
PREZO	85 €/CURSO (pago único en outubro) – Empadroad@s 110€/CURSO (pago único en outubro) – Non empadroad@s

MANUALIDADES

DESCRICIÓN	Promove a creatividade e a expresión artística mediante a elaboración de traballos con diferentes materiais e técnicas. Contribúe ao desenvolvemento da motricidade fina, da imaxinación e da capacidade de planificación
DESTINATARI@S	Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas
PRAZAS	Mínimo e máximo 10 persoas inscritas por grupo.
HORARIO	GRUPO I – SÁBADO DE 10.00 – 12.00h GRUPO II– SÁBADO DE 12.00 – 14.00h
LUGAR	Aula multifunción I (zona centro médico de Begonte)
DURACIÓN	De febreiro a maio de 2027
PREZO	85 €/CURSO (pago único en febreiro) – Empadroad@s 110€/CURSO (pago único en febreiro) – Non empadroad@s

BAILES DE SALÓN

DESCRICIÓN	Practica de diferentes estilos de danza en parella, mellorando a coordinación, o equilibrio e o sentido do ritmo. Ademais, favorecen a socialización, a actividade física e o desfrute da música.
DESTINATARI@S	Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas
PRAZAS	Mínimo 8 persoas inscritas / Máximo 20 persoas inscritas
HORARIO	SÁBADO de 21:15 h a 22:45 h
LUGAR	Centro Sociocultural de Begonte (zona centro médico de Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s 35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

ZUMBA

DESCRICIÓN	Combinación de exercicio aeróbico e baile ao ritmo de músicas variadas. Contribúe á mellora da condición física, da coordinación e da resistencia, promovendo hábitos de vida saudables nun ambiente dinámico e divertido.
DESTINATARI@S	Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas
PRAZAS	Mínimo 10 persoas inscritas / máximo 20 persoas inscritas
HORARIO	MARTES 21:00 h-22:00 h MÉRCORES 21:30 – 22:30h
LUGAR	Centro Sociocultural de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s 35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

CALCETA E GANCHO

DESCRICIÓN	A actividade de calceta e gancho ofrece a oportunidade de aprender e perfeccionar distintas técnicas de tecido. Favorece a concentración, a creatividade e a destreza manual, ao tempo que permite elaborar pezas útiles e decorativas.
DESTINATARIOS	Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas
PRAZAS	Mínimo 8 persoas inscritas / máximo 15 persoas inscritas
HORARIO	XOVES 16:00 h - 17:00 h
LUGAR	Aula multifunción II (zona centro médico de Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s 35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

PINTURA

DESCRICIÓN	Fomenta a creatividade e a expresión artística mediante o uso de diferentes técnicas, materiais e soportes. As sesións favorecen o desenvolvemento da percepción visual, da imaxinación e das habilidades plásticas.
DESTINATARI@S	Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas
PRAZAS	Mínimo / máximo 7 persoas inscritas por grupo.
HORARIO	BEGONTE: GRUPO I ➡ LUNS de 11:00 h a 13:00 h GRUPO II ➡ LUNS de 16:00 h a 18:00 h GRUPO III ➡ MARTES de 16:00 h a 18:00 h GRUPO IV ➡ MARTES de 18:00 h a 20:00 h
LUGAR	Aula multifunción I (zona centro médico de Begonte)
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s 35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

PILATES

DESCRICIÓN	Orientada á mellora da postura, da flexibilidade, da forza e do control corporal. A práctica regular contribúe ao benestar físico, á prevención de lesións e ao fortalecemento da musculatura profunda.
DESTINATARI@S	Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas
PRAZAS	Mínimo 8 persoas inscritas / máximo 20 persoas inscritas
HORARIO	BEGONTE: GRUPO I → LUNS e MÉRCORES de 10:30 h a 11:30 h GRUPO II → LUNS e MÉRCORES de 11:30 h a 12:30 h BAAMONDE: GRUPO III → LUNS e MÉRCORES de 16:15 h a 17:15 h
LUGAR	Centro Sociocultural de Begonte e Baamonde, respectivamente.
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s 35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

PILATES NOCTURNO

DESCRICIÓN	Orientada á mellora da postura, da flexibilidade, da forza e do control corporal. A práctica regular contribúe ao benestar físico, á prevención de lesións e ao fortalecemento da musculatura profunda.
DESTINATARI@S	Mozos/as e a partir de 14 anos e persoas adultas
PRAZAS	Mínimo 8 persoas inscritas / máximo 20 persoas inscritas
HORARIO	LUNS E MÉRCORES de 20:30 h a 21:30 h
LUGAR	Centro Sociocultural de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s 35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

INICIACIÓN AO ASHTANGA IOGA

DESCRICIÓN	Combinación de exercicios físicos, técnicas de respiración e relaxación para mellorar o equilibrio entre corpo e mente. Favorece a flexibilidade, a concentración, o control postural e o benestar xeral.
DESTINATARI@S	Mozos/as e a partir de 14 anos e persoas adultas
PRAZAS	Mínimo 8 persoas inscritas / máximo 16 persoas inscritas
HORARIO	LUNS e MÉRCORES de 20:00 h a 21:30 h
LUGAR	Centro Sociocultural de Baamonde
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s 35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

ESTIMULACIÓN COGNITIVA (MEMORIA)

DESCRICIÓN	Potenciación e mellora da calidade de vida e autonomía das persoas maiores mediante talleres que traballan a atención, memoria, funcións executivas, cálculo e linguaxe.
DESTINATARI@S	Terceira idade
PRAZAS	Mínimo 8 persoas inscritas por grupo / máximo 10 persoas inscritas por grupo.
HORARIO	<u>BAAMONDE:</u> GRUPO I ➡ MARTES de 16:10 h a 17:10 h <u>BEGONTE:</u> GRUPO II ➡ MARTES de 17:30 h a 18:30 h GRUPO III ➡ MARTES de 18:30 h a 19:30 h
LUGAR	Centro Sociocultural de Baamonde e Aula multifunción II, respectivamente.
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	5 €/MES (8 pagos de 5 € mensuais) - Empadroad@s 10€/MES (8 pagos de 10€ mensuais) – Non empadroad@s

INFORMÁTICA

DESCRICIÓN	Orientada á adquisición e ao perfeccionamento das competencias dixitais. O alumnado aprende a utilizar ferramentas e aplicacións informáticas de uso habitual, desenvolvendo habilidades que facilitan o acceso ás novas tecnoloxías.
DESTINATARI@S	Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas
PRAZAS	Mínimo 8 persoas inscritas / máximo 15 persoas inscritas
HORARIO	XOVES 19:00 h – 20:30 h
LUGAR	Aula de informática do Telecentro de Begonte (antiga Cámara agraria)
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s 35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@

ACTIVIDADES RÍTMICAS

DESCRICIÓN	Combinan movemento e música para mellorar a coordinación, o equilibrio, o sentido do ritmo e a expresión corporal. As sesións realízanse mediante exercicios e coreografías adaptadas aos diferentes niveis.
DESTINATARI@S	Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas
PRAZAS	Mínimo 8 persoas inscritas / máximo 20 persoas inscritas
HORARIO	MARTES e XOVES de 20:00 h a 21:00 h
LUGAR	Centro Sociocultural de Begonte
DURACIÓN	De outubro de 2026 a maio de 2027
PREZO	30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s 35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

XIMNASIA DE MANTEMENTO

DESCRIPCIÓN

Exercicios de mobilidade enfocados á terceira idade.

DESTINATARIOS

Terceira idade.

PRAZAS

Mínimo 8 persoas inscritas por grupo / máximo 15 persoas inscritas por grupo.

HORARIO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
HORARIOS	16:00 - 17:00H (Escola de Donalbai)	16:00 - 17:00H (Escola de Felmil)	16:00 - 17:00H (Escola do Castro)	16:00 - 17:00H (Escola de Pacios)	15:00 - 16:00H (Escola de Virís)
	17:15 - 18:15H (Escola de Illán)	17:15 - 18:15 (Escola de Damil)	17:15 - 18:15H (Escola de Bóveda)	17:15 - 18:15H (Centro sociocultural de Baamonde)	16:15 - 17:15H (Escola de Trobo)
	18:30 - 19:30H (Escola de Saavedra)	18:30 - 19:30H (Escola de San Vicente)	18:30 - 19:30H (Centro Sociocultural de Begonte)	18:30 - 19:30H (Escola de Carral)	17:30 - 18:30 (Escola de Gaibor)
					18:45 - 19:45H (Escola de Cerdeiras)

LUGAR

Centro Sociocultural de Begonte e Baamonde e locais sociais das parroquias

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

5 €/MES (8 pagos de 5 € mensuais) - Empadroad@s

10 €/MES (8 pagos de 100€ mensuais) – Non empadroad@s

AQUAGYM

DESCRIPCIÓN

O aquagym é unha actividade física realizada na auga que combina exercicios de tonificación, mobilidade e resistencia. Favorece a mellora da condición física con baixo impacto nas articulacións, sendo unha práctica adecuada para persoas de diferentes idades e niveis.

DESTINATARIOS

Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas

PRAZAS

PRAZAS LIMITADAS

HORARIO

XOVES as 20:00 h

LUGAR

CENTRO DEPORTIVO D10

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s

35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

NOTA ➡ Os/As participantes deberán levar traxe de baño, gorro, toalla e chancletas.

PÁDEL

DESCRIPCIÓN

Actividade deportiva dinámica que favorece o desenvolvemento da coordinación, a axilidade e a precisión. Durante as sesións trabállanse os golpes básicos, a colocación na pista e a estratexia de xogo, promovendo a colaboración, o respecto e a práctica deportiva saudable.

DESTINATARIOS

Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas

PAZAS

Mínimo 2 persoas inscritas por grupo/ máximo 4 persoas inscritas por grupo (6 grupos).

HORARIO

	MÉRCORES	SÁBADO
INICIACIÓN	20:00 h a 21:00 h	12:00 h a 13:00 h
INTERMEDIO	21:00 h a 22:00 h	11:00 h a 12:00 h
AVANZADO	22:00 h a 23:00 h	10:00 h a 11:00 h

LUGAR

Pista de Pádel de Begonte

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s

35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

INGLÉS

DESCRIPCIÓN

Orientada ao desenvolvemento das competencias comunicativas mediante unha metodoloxía práctica e participativa. O alumnado reforza a comprensión e a expresión oral e escrita a través de xogos, dinámicas e actividades adaptadas á súa idade e nivel.

DESTINATARIOS

Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas

PAZAS

Mínimo 8 persoas inscritas / máximo 15 persoas inscritas

HORARIO

BEGONTE: **INGLÉS DESDE CERO (iniciación)** ➔ **XOVES de 20.00 h a 21.00 h**
INGLÉS EN ACCIÓN (intermedio) ➔ **XOVES de 21.00 h a 22.00 h**

LUGAR

Aula multifunción II (zona Centro médico de Begonte)

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s

35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

NATACIÓN PARA ADULTOS/AS

DESCRIPCIÓN

Actividade física completa que contribúe ao desenvolvemento das capacidades motrices e á mellora da condición física. As sesións adaptanse ao nivel de cada participante, favorecendo a aprendizaxe e o perfeccionamento das diferentes técnicas de nado.

DESTINATARIOS

Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas

PAZAS

PAZAS LIMITADAS

HORARIO

MARTES as 20:15 h

LUGAR

CENTRO DEPORTIVO D10

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s

35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

NOTA ➡ Os/As participantes deberán levar traxe de baño, gorro, toalla e chancletas.

TAICHÍ

DESCRIPCIÓN

Disciplina de orixe oriental baseada en movementos suaves, coordinados e conscientes. A súa práctica mellora o equilibrio, a coordinación, a flexibilidade e a concentración, ao tempo que favorece a relaxación e o benestar físico e emocional.

DESTINATARIOS

Mozos/as a partir de 14 anos e persoas adultas

PAZAS

Mínimo 8/ Máximo 16 persoas inscritas.

HORARIO

MÉRCORES DE 17:15 – 18:15 h

LUGAR

CENTRO SOCIOCULTURAL DE BAAMONDE

DURACIÓN

De outubro de 2026 a maio de 2027

PREZO

30 €/MES (8 pagos de 30 € mensuais) – Empadroad@s

35 €/MES (8 pagos de 35 € mensuais) – Non empadroad@s

ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA RÁBADE – BEGONTE – OUTEIRO DE REI E FRIOL

DESTINATARI@S

Nenos/as e adultos/as

HORARIOS E INSCRICIÓNS

Consultar en www.musicocrisanto.com

MÁIS INFORMACIÓN

678 80 02 45

LUGAR

Escola de música de Baamonde

